

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 13 de novembro de 2019, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se declaran, con carácter definitivo, as persoas aspirantes admitidas e excluídas, así como as exentas e non exentas do exercicio de lingua galega, e se nomean os tribunais cualificadores no concurso-oposición para o ingreso en diversas especialidades da categoría de enfermeiro/a especialista, convocado mediante a Resolución do 3 de maio de 2019.

Mediante a Resolución do 3 de maio de 2019 desta dirección xeral (*Diario Oficial de Galicia* núm. 92, do 15 de maio), convocouse concurso-oposición para o ingreso como enfermeiro/a especialista nas especialidades de enfermaría de saúde mental, enfermaría do traballo, enfermaría familiar e comunitaria, enfermaría obstétrico-xinecolóxica e enfermaría pediátrica.

Mediante a Resolución do 16 de setembro de 2019 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 183, do 26 de setembro) publicouse a relación provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, así como dos/das exentos/as e non exentos/as da realización do exercicio de lingua galega en cada unha destas especialidades.

Na base sétima da resolución de convocatoria dispónse que os tribunais cualificadores do concurso-oposición serán nomeados pola autoridade convocante cunha antelación mínima dun mes ao da data de realización das probas e que se publicará para este efecto a oportuna resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

De conformidade coa dita base e finalizado o prazo de emenda previsto no número 6.2 desta mesma resolución, este centro directivo, como órgano convocante do proceso,

RESOLVE:

Primeiro. Declarar, con carácter definitivo e por especialidade, os/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as, así como os/as exentos/as e non exentos/as da realización do exercicio de lingua galega no concurso-oposición para o ingreso na categoría de enfermeiro/a especialista das especialidades de enfermaría de saúde mental, enfermaría do traballo, enfermaría familiar e comunitaria, enfermaría obstétrico-xinecolóxica e enfermaría pediátrica, convocado mediante a Resolución do 3 de maio de 2019.



As listas coa relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas por especialidade, con indicación do motivo de exclusión, e as declaradas exentas e non exentas da realización do exercicio de lingua galega, poderanse examinar na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Ademais, o estado de cada solicitude pode ser consultado polo/a solicitante no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos.

Segundo. Nomear os membros dos tribunais, titulares e suplentes que xulgarán o proceso selectivo e que se relacionan, para cada especialidade, no anexo desta resolución.

Terceiro. Declarar de aplicación a este proceso as normas de funcionamento e actuación dos tribunais e persoal colaborador negociadas e aprobadas na Mesa Sectorial de Sanidade do 20 de xullo de 2018, publicadas á disposición das persoas interesadas na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Cuarto. Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto nos artigos 8.2 e 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Potestativamente, e con carácter previo, poderán interpoñer recurso de reposición, ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado desde a mesma data.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2019

Margarita Prado Vaamonde
Directora xeral de Recursos Humanos

ANEXO

Enfermeiro/a especialista en enfermaría de saúde mental			
Presidente/a titular	Valcárcel López, María Mar	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a especialista de saúde mental
Secretario/a titular	Sampedro Morandeira, José Luis	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Vogal titular	Montero Cibrián, José Ramón	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a especialista de saúde mental
Vogal titular	Fernández Hermida, M ^a Mercedes	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a especialista de saúde mental



Vogal titular	González García, Amparo	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a especialista de saúde mental
Presidente/a suplente	García-Luengo Álvarez, Susana	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a especialista de saúde mental
Secretario/a suplente	López López, Manuel José	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Vogal suplente	Alcántara Elena, Pablo Alberto	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a especialista de saúde mental
Vogal suplente	Nieto Araújo, María	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a especialista de saúde mental
Vogal suplente	Sierra López, Ana Rosa	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a especialista de saúde mental
Enfermeiro/a especialista en enfermaría do traballo			
Presidente/a titular	Monasterio Otero, Adolfo Alejandro	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a especialista en enfermaría do traballo
Secretario/a titular	Morán Losada, Francisco	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Vogal titular	Vázquez Fidalgo, Juan José	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a especialista en enfermaría do traballo
Vogal titular	González Sieiro, M ^a Dolores	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a especialista en enfermaría do traballo
Vogal titular	Muñoz López, Horacio Antonio	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a especialista en enfermaría do traballo
Presidente/a suplente	Barredo Armada, Manuel	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a
Secretario/a suplente	García Souto, Jorge	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Vogal suplente	Maceira Galarza, Gonzalo	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a
Vogal suplente	Poses Sobral, Eugenio	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a
Vogal suplente	Millán Fernández, Mercedes	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a
Enfermeiro/a especialista en enfermaría familiar e comunitaria			
Presidente/a titular	Ares Martínez, Ana	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a
Secretario/a titular	Díaz López, Manuel	Funcionario do corpo superior da Administración xeral da Xunta de Galicia	
Vogal titular	Barciela Garrido, M ^a Jesús	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a
Vogal titular	Martín Sánchez, M ^a Isabel	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a
Vogal titular	Otero Castro, Ángeles	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a
Presidente/a suplente	López Ramos, Paloma	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a
Secretario/a suplente	López Suárez, Alberto	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa



Vogal suplente	Díaz Mosquera, Fátima	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a
Vogal suplente	Martínez Varela, Soledad Mercedes	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a
Vogal suplente	Rodríguez Paz, M ^a Guadalupe	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a
Enfermeiro/a especialista en obstetricia-xinecoloxía			
Presidente/a titular	Canosa Hermida, Susana M ^a	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a especialista en obstetricia-xinecoloxía
Secretario/a titular	López Suárez, Alberto	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Vogal titular	Barreiro Lage, Judith	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a especialista en obstetricia-xinecoloxía
Vogal titular	Aliaga Sola, Alberto	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a especialista en obstetricia-xinecoloxía
Vogal titular	Conde García, Marta	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a especialista en obstetricia-xinecoloxía
Presidente/a suplente	Busto Fernández, Eva M ^a	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a especialista en obstetricia-xinecoloxía
Secretario/a suplente	Potel Villar, Daniel	Funcionario do corpo superior da Administración xeral da Xunta de Galicia	
Vogal suplente	Escudero Millos, Vanesa	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a especialista en obstetricia-xinecoloxía
Vogal suplente	Nieto Bernárdez, César	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a especialista en obstetricia-xinecoloxía
Vogal suplente	Estévez Rial, Hermelinda	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a especialista en obstetricia-xinecoloxía
Enfermeiro/a especialista en enfermaría pediátrica			
Presidente/a titular	Quintáns Lago, M ^a Salomé	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a
Secretario/a titular	García Souto, Jorge	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Vogal titular	Rivera Rodríguez, M ^a Elvira	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a
Vogal titular	Del Olmo Mosquera, M ^a Teresa	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a
Vogal titular	González Pérez, M ^a del Portal	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a
Presidente/a suplente	García Juan, María Carmen	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a
Secretario/a suplente	Morán Losada, Francisco	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Vogal suplente	González Carballo, Eva M ^a	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a
Vogal suplente	Acción Rodríguez, M ^a Jesús	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a
Vogal suplente	Bugarín Puime, M ^a Jesús	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro/a

